



Concello de Campo Lameiro

Expediente núm.: 294/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Data de iniciación: 06/05/2024

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA PROGRAMAS DE FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) NO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é prover dous postos de traballo como persoal laboral de duración determinada a tempo completo segundo a subvención concedida a este Concello, pola Consellería de Emprego, Comercio e emigración, pola que se establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 17 do 24 de xaneiro de 2024)

2.- CARACTERISTICAS DO CONTRATO

As funcións asignadas serán as establecidas na memoria de data 21/02/2024 para a obra ou Servizo denominada: "PROGRAMA DE PLANIFICACION PREVENTIVA E VALORIZACION FORESTAL" nas seguintes profesións:

POSTO	CATEGORIA	Nº POSTOS
ENXEÑEIRO TECNICO FORESTAL	TIT. SUPERIOR/GRAO	1
PEÓN FORESTAL	PEÓN	1

En concreto, as funcións a desenvolver nos postos de traballo serán as seguintes:

Posto de Enxeñeiro Forestal/de montes:

- Por un lado o control e supervisión das actuacións levadas a cabo por operarios do concello de mantemento e roza da vexetación arbustiva existente nos camiños, vías, parques empresariais e similares, das áreas recreativas xa existentes, a súa ampliación así como a creación de novas áreas nas diferentes parroquias das rutas de sendeirismo, etc

- Pero ademais o control técnico do estado das faixas secundarias de biomasa e tramitación administrativa dos expedientes correspondentes e do seu seguimento, incluíndo a atención á veciñanza, responsabilizarse da xestión administrativa do programa de compost municipal e seguimento do mesmo.

- O control da aplicación do convenio entre a Xunta de Galicia, SEAGA, FEGAMP e os concellos para a xestión da biomasa, o control das Brigadas municipais de prevención

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84





Concello de Campo Lameiro

de incendios forestais, o asesoramento a novos proxectos medioambientais, e asesoramento na tramitación dos procesos de contratación relacionados con temas medioambientais e forestais.

Posto de peón forestal:

Tarefas de desbroce de pistas e zonas verdes; limpeza e o acondicionamento do entorno dos grupos de Petróglifos, Limpeza de espazos públicos Tarefas de xardinería, mantemento dos edificios municipais, conservación das infraestruturas, as pequenas reparacións, limpeza das instalacións municipais, limpeza e recollida de lixo, alumeados públicos, abastecemento de auga e saneamento. Intervencións nos múltiples actos destinados ao desenvolvemento cultural e festivo do municipio, colaboración en preparación de eventos e feiras, montaxe de carpas, así como a colocación dos anuncios e bandos municipais coa información necesaria en distintos espazos do concello; instalación de sinalización e panelería nos puntos de información, etc. Manexo de maquinaria. Outras labores relacionadas co Servizo, e en xeral labores de apoio aos servizos operativos do concello.

Condicións do contrato:

Tipo de contrato: O tipo de contrato será de traballo temporal vinculados a programas de políticas activas de emprego.

A duración do contrato será por un período de **9 meses a xornada completa**.

Retribucións: Importe equivalente á xornada completa das retribucións fixadas no Convenio Colectivo de Oficinas e Despachos publicado no BOP nº 187 de 28/9/2011 no caso da praza de enxeñeiro forestal, e o Salario Mínimo Interprofesional no caso do peón forestal.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para ser admitidos ás probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do Real Decreto 543/2001, de 18 de maio, sobre acceso ao emprego público da Administración Xeral do Estado e os seus Organismos públicos de nacionais doutros Estados ós que lles é de aplicación o dereito á libre circulación de traballadores (art. 2).
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84





Concello de Campo Lameiro

de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Os/as traballadores/as que sexan contratados para a realización das obras ou prestación de servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser, en todo caso, persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.

f) Atoparse incluídos nas listas remitidas pola Oficina de Emprego ao Concello de Campo Lameiro e ser desempregado/a, inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.

g) Posuír a titulación de Enxeñaría Técnica Forestal, Grao en Enxeñaría de montes ou Grao forestal, profesión de Enxeñeiro/a Técnico Forestal, ou equivalente (so para a praza de enxeñeiro forestal)

h) Posuír o permiso de condución B.

i) Non ter sido contratado/a polo Concello de Campo Lameiro, máis de 12 meses, nos últimos tres anos.

Estes requisitos deberán cumprirse no momento da presentación das solicitudes e mantelas ata o momento da formalización do contrato.

Así mesmo facilitarase un modelo normalizado de solicitude aos aspirantes no que se exprese por estes que cumpran con todos os requisitos necesarios para formar parte no proceso (Anexo I).

4.- SOLICITUDES

As persoas aspirantes que participen nas probas selectivas serán os remitidos nos listados da Oficina de Emprego de Pontevedra-bisbarra, tal e como recolle o artigo 14 da ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G), unha vez que o Concello de Campo Lameiro lle traslade a correspondente oferta de emprego á dita oficina.

A data límite para a recepción de solicitudes de participación no proceso selectivo será o 21 de maio de 2024, salvo que a Consellería autorice unha prórroga no prazo para a data de contratación.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Recibidos os listados remitidos pola Oficina de Emprego de Pontevedra-bisbarra, por alcaldía ditarase resolución declarando a lista de persoas aspirantes admitidas, fixando a data de reunión da Comisión seleccionadora para a súa constitución e convocatoria das persoas aspirantes para o desenvolvemento das probas, publicando anuncio no Taboleiro de anuncios e páxina web municipal.

No devandito anuncio requirirase ás persoas aspirantes admitidas remitidas pola

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84





Concello de Campo Lameiro

Oficina Pública de Emprego para que con anterioridade o día da realización das probas cheguen á Comisión seleccionadora Cualificador a documentación acreditativa para a valoración de méritos establecida no punto 7 das presentes bases, así como:

- Anexo I Instancia de solicitude no modelo normalizado
- Anexo II Declaración xurada de cumpri-los requisitos
- Anexo III Declaración de responsabilidades familiares e de ingresos percibidos
- Acreditación documental xustificativa dos requisitos esixidos en orixinal ou copia compulsada:
 - DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade
 - Informe dos períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
 - Copia compulsada do carné do conducir B
 - Título que acredite a formación requirida
- Vida laboral actualizada
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados (se fora o caso) en orixinal ou copia compulsada.
 - Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero: informe dos Servizos Sociais da Administración competente ou do centro de acollida, resolución xudicial, orde de protección, ou informe del Ministerio Fiscal.
 - Acreditación da condición de parado/a de longa duración: informe dos períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
 - Acreditación da discapacidade: Certificado de discapacidade
 - Acreditación do esgotamento das prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. Acreditado a través de certificado emitido polo Servizo Público de Emprego (SEPE).
 - Acreditación das persoas ao seu cargo e dos seus ingresos (Libro de Familia
 - Acreditación da condición de integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Acreditado mediante informe social ou certificado de percepción de RISGA.
 - Acreditación da formación: copia compulsada dos cursos de formación

6.- COMISIÓN SELECCIONADORA

A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente/a
- 3 Vogais
- Secretario/a

A Comisión seleccionadora poderá incorporar aos seus traballos asesores/as

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84





Concello de Campo Lameiro

especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle.

A Comisión actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultada para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

7.- SELECCIÓN

O procedemento aterase ao disposto no artigo 14 da Orde do 26 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural):

As entidades beneficiarias solicitarán os traballadores e traballadoras que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego.

Terán preferencia en todo caso os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e , se é o caso, aquelas que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo terase en conta:

- h) Menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

O procedemento de selección das persoas candidatas desenvolverase en dúas fases:

- Baremación de méritos
- Entrevista

BAREMACIÓN DE MÉRITOS:

Os méritos que se terán en conta para a praza serán os seguintes:

Concello de Campo Lameiro





Concello de Campo Lameiro

A) **Circunstancias persoais:** segundo a establecido na Orde de 07 de xaneiro de 2022, no seu artigo 14.5 tal e como se establece nestas bases, (que terán que ser acreditados mediante a documentación relacionada na base quinta): Puntuación máxima

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia. **0,50 Puntos.**
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. **0,40 Puntos.**
- c) Persoas paradas de longa duración (mais de dous anos en desemprego). **0,35 Puntos**
- d) Persoas con discapacidade. **0,30 Puntos.**
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. **0,20 puntos.**
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos. **0,15 Puntos**
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. **0,10 Puntos.**
- h) Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento, e que non perciban ningún tipo de ingreso. **Máximo de 1 punto** (0,25 puntos por cada persoa ó seu cargo).

B) **Formación especializada:** ata un máximo de **3 puntos:**

Cursos de formación ou especialización recibidos e directamente relacionados co posto a seleccionar, convocados ou avalados por unha entidade pública.

A razón de:

-De 20 a 50 h.: 0.1 pto.

-De 51 a 100 h.: 0.2 pto.

-De 101 de 300 h.: 0.3 pto.

-A partir de 301 h: 0.5 pto.

No caso de ter unha duración inferior a 20 horas ou non especificar as horas de duración non se avaliará.

ENTREVISTA:

A Comisión seleccionadora celebrará unha entrevista coa finalidade de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo obxecto da convocatoria.

Consistirá en preguntas relacionadas cos coñecementos das disposicións normativas vixentes en materia de medio ambiente, así como as tarefas relacionadas co posto de traballo a desempeñar, e consistirá en valorar as cualidades requiridas para o seu correcto desempeño.

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84





Concello de Campo Lameiro

Esta entrevista valorarase ata un máximo de **4 puntos**.

No caso do posto de Peón Forestal, esta entrevista será substituída por unha proba práctica onde os candidatos e candidatas demostrarán o seu coñecemento en relación ás labores que van a realizar

Esta proba práctica terá unha puntuación **entre 0 e 4 puntos**.

PROCEDEMENTO:

Os aspirantes no día, hora e lugar para o que fosen citados na resolución pola que se aprobe o listado de admitidos e excluídos serán convocados para o inicio das probas.

Rematado o proceso de selección a comisión seleccionadora determinará a cualificación final do proceso que será o resultado de sumar as puntuacións de cada unha das fases do procedemento,

Aqueles que obteñan a máxima puntuación, logo da valoración dos méritos e a entrevista, serán propostos para a praza.

Tanto a proposta do Comisión seleccionadora como a ulterior Resolución de Alcaldía serán notificadas ós interesados mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Os posibles empates nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos no artigo 14.5 da A Orde de 09 de xaneiro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, por esa orde de preferencia.

A Comisión seleccionadora, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

LISTA DE RESERVA:

1.- Rematado o proceso selectivo, a Comisión seleccionadora elaborará unha lista de reserva, cunha validez de ata o remate do Servizo, integrada polos candidatos que, tendo superadas tódalas fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuación finais as do proposto para ocupa-la praza obxecto da convocatoria. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a presentación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2.- No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

8.-INCIDENCIAS E PROTECCIÓN DE DATOS

O tribunal de cada proceso selectivo queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Os/as aspirantes, para os distintos actos de trámite que se deriven do proceso selectivo e que conteñan datos de carácter persoal, coa sinatura da súa solicitude de participación, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84





Concello de Campo Lameiro

seu tratamento para o desenvolvemento do proceso selectivo de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO, con sede na Praza da Provincia de Pontevedra nº 1. 36110 CAMPO LAMEIRO, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na páxina web deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

RÉXIME XURÍDICO.-

O proceso selectivo regularanse polo disposto nestas bases e no non previsto nelas de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación. As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de Outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei.

No non previsto nas Bases, aplicarase supletoriamente a lei 7/1985, de 2 de abril, a lei 7/2007 de 12 de Abril, o Real Decreto 896/91, o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, e o estatuto dos traballadores.





Concello de Campo Lameiro

Convocatoria e probas de selección de persoal laboral Temporal. APROL RURAL	A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN	
	Núm. Expediente	Núm. Rexistro
	294/2024	
	Modelo	Data

ANEXO I SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE		
Nome e apelidos		NIF
Enderezo		
Código postal	Municipio	Provincia
Teléfono	Móbil	Email
Praza		Réxime laboral
		Temporal

EXPÓN

PRIMEIRO. Que vista a resolución da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se concede subvencións para o fomento do emprego no medio rural a través do programa Aprol Rural, para a contratación de un _____, no Concello de Campo Lameiro, en réxime de persoal laboral Temporal, mediante o sistema de concurso-entrevista, conforme ás bases que se publican no Taboleiro de Anuncios deste concello

SEGUNDO. Que creo reunir todas e cada unha das condicións esixidas nas bases referidas á data de expiración do prazo de presentación da instancia.

TERCEIRO. Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas ás probas de selección de persoal laboral do persoal municipal.

CUARTO. Xunto coa presente instancia presento a seguinte Documentación Xeral:

- ANEXO II Declaración xurada de cumprir os requisitos
- ANEXO III Declaración de responsabilidades familiares e de ingresos percibidos
- Copia compulsada do DNI en vigor (ou documento que acredite a súa nacionalidade).
- Carta de presentación da oficina de emprego de Pontevedra Bisbarra
- Tarxeta sanitaria
- Vida laboral
- Copia compulsada do Carné de conducir B
- Título que acredite a formación requirida de ser o caso

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84





Concello de Campo Lameiro

Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados (se fora o caso) en orixinal ou copia compulsada:

- Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero: informe dos Servizos Sociais da Administración competente ou do centro de acollida, resolución xudicial, orden de protección, ou informe del Ministerio Fiscal.
- Acreditación da condición de parado/a de longa duración: informe dos períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Acreditación da discapacidade: Certificado de discapacidade
- Acreditación do esgotamento das prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. Acreditado a través de certificado emitido polo Servizo Público de Emprego (SEPE).
- Acreditación das persoas ao seu cargo e dos seus ingresos:
 - Libro de Familia
- Acreditación da condición de integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Acreditado mediante informe social ou certificado de percepción de RISGA.
- Acreditación da formación: copia compulsada dos cursos de formación

En conclusión ao exposto,

SOLICITO: Que sexa admitida esta solicitude para as probas de selección de persoal referenciada e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan

En Campo Lameiro, ade de 2024.

O solicitante,

Asdo.: _____.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

[1] De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, esta Administración infórmalle que os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma segura e confidencial nos correspondentes ficheiros. A recollida e tratamento dos datos ten como fin o exercicio, por parte desta Administración, das funcións e competencias atribuídas legalmente, incluídas as relativas á comunicación, notificación e calquera outra actuación que se derive das relacións xurídico-administrativas levadas a cabo nesta Administración e das que vostede sexa titular; así como a formación e mantemento dos propios ficheiros. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, de ser o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo comunicación escrita a esta Administración: Praza da Provincia de Pontevedra, 1, 36110, Campo Lameiro, (Pontevedra).

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84





Concello de Campo Lameiro

ANEXO II

DATOS DO SOLICITANTE	
Nome e apelidos	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- 1º Ser vítima de violencia xénero (Necesaria acreditación)
- Non ser vítima de violencia de xénero
- 2º Ser menor de 30 anos e ademais demandante de primeiro emprego ou sen cualificación profesional.
- 3º Ser parado de longa duración
- Non ser parado de longa duración
- 4º Recibo prestacións por desemprego ou subsidio
- Non recibo prestacións por desemprego ou subsidio.
- 5º Ser maiores de 45 anos.
- 6º Ser beneficiario do programa do RISGA (Necesaria acreditación)
- 7º Non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- 8º Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84





Concello de Campo Lameiro

ANEXO III

DATOS DO SOLICITANTE	
Nome e apelidos	NIF
_____	_____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que teño ao meu cargo as seguintes persoas que non perciben ningún tipo de ingreso

NOME APELIDOS	PARENTESCO	INGRESOS

2. Que, mediante a sinatura desta declaración xurada, autorizo ao Tribunal a solicitar, no seu caso calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nela.

3. Que mediante a sinatura deste documento me responsabilizo da veracidade de todos os datos que recolle e asumo as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información

Visto estes antecedentes, e polo que **SOLICITO**:

Que se teña por presentada esta declaración xurada como documentación obrigatoria do proceso selectivo.

En Campo Lameiro, ade de 2024

O solicitante,

Asdo.: _____.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84

